



Educación fomenta a integración de alumnos de distintas culturas nas escolas galegas

■ Educación repartiu este curso un CD interactivo centrado nos centros educativos para o achegamento á comunidade xitana

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a levar a cabo diversas actuacións de forma habitual nos centros escolares galegos para facer fronte ás diversas e complexas problemáticas que lle afectan ó alumnado inmigrante ou de orixe cultural diferente. Entre estas actuacións están as estratexias de intervención

que se enmarcan nas medidas xerais de atención á diversidade intentando compensar algunhas das carencias e desvantaxes escolares deste alumnado: actividades de nivel curricular destinadas a promoverlo coñecemento, diálogo, estima e trato respectuoso e convivencial coas demais culturas.

No sistema educativo recórrase con frecuencia á intervención dun profesor de apoio para proporcionar axuda naqueles aspectos máis deficitarios e tamén existe a posibilidade de realizar agrupamentos flexibles, adaptacións curriculares e reforzos en lingua castelá e/ou galega.

A interculturalidade está a cobrar cada vez máis peso na sociedade actual e con ela a necesidade de adoptar medidas encamiñadas a que a educación intercultural na escola non só afronte as desigualdades educativas, compensando deficiencias cando as haxa, senón que promova o coñecemento e respecto ás demais culturas tanto dos instalados nelas como por parte dos escolares da propia Comunidade Autónoma galega.

As medidas relacionadas coa educación intercultural están recollidas no marco normativo xeral que se refire á educación de alumnos con necesidades educativas especiais e, neste sentido, existen accións que afrontan de forma máis directa as necesidades educativas da diversidade étnica cultural do alumnado. Entre elas destacan, por exemplo, as de atención ó alumnado xitano.

Este tipo de estudantes está escolarizado en centros ordinarios e recibe, se é o caso, axudas educativas como calquera grupo en situación sociocultural desfavorecida. Así mesmo, tamén hai veces en que se adoptan outra clase de medidas, como a utilización de materiais didácticos interculturais,



A consellería de Educación elabora un programa de integración da comunidade xitana.

o traballo coas familias, a colaboración con organismos e institucións de carácter local (concellos, asistentes sociais, ONGs, etc.) e a realización de actividades culturais orientadas a fomentar-lo respecto entre as diversas culturas, que xa apuntan a perspectivas máis multiculturais.

As medidas relacionadas coa educación intercultural están recollidas no marco normativo xeral que se refire á educación de alumnos con necesidades educativas especiais e, neste sentido, existen accións que afrontan de forma máis directa as necesidades educativas

A eliminación de tópicos raciais xeralizados

A asimilación da interculturalidade na escola é unha tarefa ampla que require a participación de toda a comunidade educativa e do profesorado, para poder ofrecer unha atención baseada en principios pedagóxicos e organizativos que deberán quedar concretados no Proxecto Educativo do Centro.

A cultura xitana, entre a maioría da poboación, é unha realidade pouco coñecida e moitas veces está asentada en tópicos que nalgúns casos limitaron e complicaron a súa participación e convivencia co resto da sociedade. Este descoñecemento xeneralizado da realidade, historia e tradicións das persoas que viven nesta cultura incidiu no trato discriminatorio ó longo dos séculos. Pero tamén ó longo dos séculos a comunidade xitana segue a manter fortes sentimentos de pertenza á súa comunidade e desexa que sexa máis coñecida a súa realidade para así achegarse máis a todos.

Coñece-la escola

Na escola inténtase que estean representados e participen tódolos seus membros en base ós principios de non discriminación e normalización educativa, polo que é necesario recoñecer a atención á diversidade do alumnado dende varios enfoques globais e específicos respectando a pluralidade lingüística e cultural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade e respondendo ás necesidades dos diferentes grupos, á súa cultura e realidade dunha forma digna e fiel reflexo da súa situación.

A educación intercultural require estar presente nas Ensinanzas Escolares como factor de integración para que se asegure a formación dos alumnos no respecto á diferenza, tendo en conta e reforzando os obxectivos relacionados co desenvolvemento das capacidades básicas e funcionais ó longo de toda a etapa escolar e en tódalas áreas para que os escolares de culturas ailleas sexan incluídos con igualdade de oportunidades nunha sociedade complexa e cambiante. O complemento das distintas expresións populares enriquece a cultura, que está en continua evolución e cambio.

O CD "Maj Khetane- Más xuntos"

■ Consciente da importancia dos centros educativos no proceso de aprendizaxe, tendo en conta os factores scio-culturais que o favorecen e o dificultan, a Consellería de Educación e

O CD foi elaborado pola Comisión de Educación para o Programa de Desenvolvemento do Pobo Xitano, da que forma parte a Administración Educativa galega e a Consellería de Cultura, xunto co Ministerio de Educación y Ciencia, o Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, representantes de Federacións e Asociacións relacionadas co pobo xitano e técnicos doutras Comunidades Autónomas.

O CD "Maj Khetane - Más xuntos" é un recurso didáctico

que recolle a historia e a cultura xitana no contexto das diferentes Comunidades Autónomas do Estado español, co fin de achegar a toda a comunidade educativa ó colectivo xitano, educando no respecto á diversidade cultural de cada sociedade e evitando os prexuízos que veñen herdados ó longo do tempo.

Este CD foi repartido no presente curso académico, a través dos Centros de Formación e Recursos (CEFORES) entre tódolos centros galegos de Edu-

Ordenación Universitaria ofreceu durante este curso un material interactivo centrado na cultura xitana, o CD "Maj Khetane Más xuntos".

cación Secundaria, Centros Públicos Integrados e centros de Educación Primaria de máis de doce unidades. Nos propios Cefores quedan orixinais que poden ser empregados por aqueles centros que non dispoñan deles. Deste xeito preténdese que sirva como referente orientativo cara a facilita-la resposta educativa á diversidade do alumnado desde a perspectiva intercultural nos centros de ensinanza non universitaria, modificando así pensamentos e consideracións

xerais baseadas en tópicos que aínda hai hoxe sobre a cultura xitana.

Este material está editado en lingua castelá, romaní e valenciano (por seren a Comunidade Autónoma que aportou a base do material) estando en galego e noutras linguas oficiais os capítulos correspondentes á historia dos xitanos de cada Autonomía.

En Galicia están matriculados algo máis de 1.600 alumnos de orixe xitana no ensino non universitario.